

## ANEXO II

Don/Dona ....., NIF....., declara, baixo a súa responsabilidade, para os efectos da súa baremación na fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo CI), que superou o proceso selectivo.....convocado pola Orde....., *Diario Oficial de Galicia/Boletín número.....*, ..... de ..... de 2010.

*Resolución do 9 de marzo de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que, de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, se fan públicas as listas definitivas para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia así como as resultantes da adaptación a este decreto de determinadas listas elaboradas no seu día ao abeiro do Decreto 89/1997, do 10 de abril.*

Rematado o prazo fixado pola resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 16 de decembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 248, do 22 de decembro) pola que se fan públicas as listas provisionais para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, constatada a existencia dalgúns erros materiais e vistas as alegacións formuladas polas/os interesadas/os, a Comisión Permanente Central acordou, na xuntanza do 12 de febreiro de 2010, elevar a correspondente proposta pola que, de conformidade co previsto no artigo 11 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, esta dirección xeral,

## RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas as listas definitivas para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario correspondentes aos corpos e escalas que se inclúen no anexo I desta resolución, así como para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal laboral correspondentes aos grupos e categorías que se inclúen no anexo II, coa indicación das puntuacións definitivas resultantes da aplicación do baremo establecido no artigo 9 do Decreto 37/2006.

Segundo.-As listas atópanse á disposición dos interesados no Servizo do Rexistro Xeral e Información da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas oficinas de rexistro e infor-

mación dos edificios administrativos da Xunta de Galicia, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia e tamén poden consultarse na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)) no apartado Función Pública Autonómica.

As listas están expostas na forma que se indica a seguir:

-Solicitantes admitidos na lista con indicación da puntuación.

-Solicitantes excluídos con expresión da causa de exclusión.

Terceiro.-As listas entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os solicitantes excluídos, de ser o caso, disporán do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para solicitar a devolución das taxas por dereitos de inscrición, debendo consignar o nome e apelidos, NIF, número da conta bancaria (vinte díxitos) e localidade desta, achegando, así mesmo, copia cotexada do modelo de autoliquidación da taxa.

Quinto.-Contra esta resolución e de conformidade co disposto nos artigos 107.1º e 114 ao 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2010.

José Mª Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

## ANEXO I

## Corpos e escalas (persoal funcionario)

## Persoal funcionario

Grupo	Corpo/escala	Denominación
A	2060	Corpo superior de administración da Xunta de Galicia
A	2067	Escala de veterinarios
A	205G	Escala de sistemas e tecnoloxía da información
A	2061	Escala de arquitectos
A	2063	Escala de enxeñeiros/as agrónomos
A	2068	Escala de biólogos/as
A	2069	Escala de químicos/as
A	206L	Escala de facultativo de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas
A	2086	Escala superior de finanzas
A	2093	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros
A	2062	Escala de enxeñeiros/as de camiños, canles e portos
A	2064	Escala de enxeñeiros/as industriais
A	2065	Escala de enxeñeiros/as de minas
A	2066	Escala de enxeñeiros/as de montes

Grupo	Corpo/escala	Denominación
A	2072	Escala de arqueólogos/as
A	2080	Escala de enxeñeiros/as de telecomunicacións
A	2093-02	Escala de profesores numerarios. Especialidade en procesos de cultivo acuícola
A	2093-03	Escala de profesores numerarios. Especialidade en navegación marítima
A	2093-04	Escala de profesores numerarios. Especialidade en pesca marítima
A	2093-05	Escala de profesores numerarios. Especialidade en inglés marítimo
B	2051	Corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia
B	2052	Escala de enxeñeiros/as técnicos forestais
B	205F	Escala técnica de finanzas
B	205H	Escala de xestión de sistemas de informática
B	206I	Inspección turística
B	206N	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos
B	206P	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas
B	206Q	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos
B	2077	Escala de enxeñeiros/as técnicos agrícola
B	2085	Escala técnica de estatística
B	2097	Escala de axentes de extensión pesqueira
B	2073	Escala de arquitectos/as técnicos
B	2074	Escala de enxeñeiros/as técnicos de obras públicas
B	2075	Escala de enxeñeiros/as técnicos industriais
B	2076	Escala de topógrafos/as
B	2079	Escala de enxeñeiros/as técnicos de minas
B	2094-01	Escala de mestres de taller. Especialidade en servizos subacuáticos e hiperbáricos
B	2094-02	Escala de mestres de taller. Especialidade en máquinas e produción
C	2053	Corpo administrativo da Xunta de Galicia
C	2051	Escala técnica auxiliar de informática
C	2081	Escala de delinquentes
D	2059	Corpo auxiliar da Xunta de Galicia
D	2054	Escala de axentes forestais
E	2055	Corpo subalterno da Xunta de Galicia

## ANEXO II

## Grupos e categorías (persoal laboral)

Grupo	Categoría	Denominación
I	002	Titulado/a superior médico/a. Médico/a xeriatra. Médico/a CEL. Médico/a adxunto/a. Médico/a
I	006	Titulado/a superior psicólogo/a
I	011	Titulado/a superior pedagogo/a
I	014	Titulado/a superior sociólogo/a
II	002	ATS. Enfermeiro/a. Practicante, DUE
II	006	Educador/a. Profesor/a especial
II	007	Titulado/a grao medio
II	011	Fisioterapeuta
II	017	Asistente/a social
II	020	Terapeuta ocupacional
II	031	Restaurador/a
II	038	Perito/a-xudicial diplomado/a
III	004	Gobernante/a. Gobernante/a servizos domésticos. Encargado/a lavadoiro, roupeiro, ferro de pasar
III	014	Xefe/a de cociña
III	050	Técnico/a especialista xardín de infancia
III	063	Oficial/a 1º condutor/a. Condutor/a 1º. Condutores/as altos cargos. Condutor/a mecánico/a
III	065	Oficial/a 1º cociña. Oficial 1º cociñeiro/a. Xefe/a cociña. Cociñeiro/a 1º
III	066	Axudante/a taller. Adxunto/a taller
III	068	Oficial/a 1º agrario. Capataz agrario
III	069	Oficial/a servizos técnicos. Oficial/a 1º mantemento. Oficial/a 1º oficios varios. Oficial/a de primeira
III	078	Subgobernante/a
III	080	Capataz de establecemento
III	098	Auxiliar de luces

Grupo	Categoría	Denominación
III	103	Entrevistador/a-enquisador/a
IV	003	Auxiliar sanitario. Auxiliar clínica. Auxiliar psiquiátrico/a. Auxiliar de enfermaría. Coidador/a xeriatrico. Coidador/a
IV	004	Auxiliar fogar. Coidador/a auxiliar. Auxiliar coidador/a. Auxiliar de internado
IV	005	Oficial/a 2ª cociña. Cociñeiro/a oficial 2ª
IV	009	Oficial/a 2ª agrario/a
IV	011	Auxiliar de laboratorio
IV	016	Condutor/a
IV	017	Almaceneiro/a. Despenseiro/a
IV	035	Auxiliar de arquivos e bibliotecas
IV	036	Auxiliar de museos
IV	039	Auxiliar de autopsia
V	001	Camareiro/a-limpador/a. Axudante/a cociña. Pasador/a de ferro-lavandeiro/a. Costureiro/a. Cortador/a. Pasador/a de ferro. Lavandeiro/a
V	002	Axudante/a de traballos ou oficios. Axudante/a albanel. Peón/oa especializado/a. Fontaneiro/a. Axudante/a. Hortelá/n. Axudante/a traballos. Encargado/a xardín
V	003	Ordenanza. Celador/a. Vixilante de oficinas. Vixilante nocturno/a. Vixilante. Subalterno/a. Porteiro/a. Recepcionista. Telefonista. Sereno/a. Garda. Garda xuramentado
V	008	Peón/oa agrario/a
V	10D	Socorrista
V	10E	Vixilante de arquivos, bibliotecas e museos
V	10F	Peón/oa forestal
V	011	Limpador/a. Fregador/a. Empregado/a comedor. Empregado/a cociña-pinche. Servizo doméstico. Mozo/a de limpeza. Pinche de cociña. Persoal servizos xerais
V	012	Peón/oa. Laborante. Varredor/a. Mozo/a servizos. Mozo/a laboratorio. Mozo/a. Pastor/a. Xardineiro/a. Mozo/a transportes. Peón/oa xardineiro/a EFU. Mozo/a mantemento. Mozo/a subalterno

## Grupos e categorías (Persoal laboral. Categorías obxecto de adaptación do Decreto 89/1997 ao Decreto 37/2006)

Grupo	Categoría	Descrición
I	0004	Titulado/a superior
I	0018	Licenciado/a informático/a (antigo/a técnico/a de sistemas e analista titulado/a superior)
I	0019	Titulado/a superior especialista. Titulado/a superior farmacéutico/a
I	0023	Documentalista
I	0027	Coordinador/a de actividades externas
I	0029	Xefe/a departamento persoal e xestión económico-administrativa do IGAEM
I	0030	Relacións públicas do IGAEM
I	0031	Titulado/a superior de formación ocupacional
I	0032	Técnico/a superior en centros de arte
II	0001	Director/a-administrador/a. Director/a de centro social. Director/a casa da xuventude. Subdirector/a residencia xuvenil. Preceptor/a residencia. Director/a centro. Xefe/a do servizo administrativo do IGAEM. Secretario/a de residencia. Director/a de cociña de irmandade. Director/a de clínica deportiva
II	0005	Profesor/a. Profesor/a titular. Profesor/a EXB. Mestre/a. Profesor/a de educación física. Profesor/a de matemáticas
II	0008	Director/a de gardarúa infantil
II	0021	Monitor/a ocupacional
II	0027	Técnico/a superior diplomado/a en informática (antigo analista de aplicacións (titulado/a medio) e antigo analista programador/a (titulado/a medio)
II	0033	Profesor/a de danza clásica
II	0037	Titulado/a medio/a formación ocupacional
II	0040	Mestre/a especialista en educación infantil
III	0002	Encargado/a administrativo/a. Xefe/a de negociado. Xefe/a administración. Xefe/a 2ª administración. Administrador/a. Secretario/a-administrador/a residencia xuvenil. Administrador/a de produción de centros. Secretario/a de dirección do IGAEM. Axudante/a de dirección e difusión da música. Axudante/a de dirección e difusión do CDG
III	0003	Controlador/a pecuario/a. Axudante/a técnico/a pecuario/a
III	0005	Intendente. Encargado/a de establecemento. Encargado/a de almacén

Grupo	Categoría	Descrición
III	0006	Xefe/a de servizos técnicos. Encargado/a de mantemento. Conservador/a de edificios. Encargado/a oficios varios mantemento. Xefe/a de taller. Encargado/a de traballos. Especialista de oficios
III	0011	Encargado/a agrario/a
III	0012	Mestre/a de taller
III	0017	Analista de laboratorio
III	0018	Marcador/a de metais preciosos
III	0023	Celador/a de estradas. Capataz de brigada
III	0030	Programador/a
III	0033	Encargado/a supervisor/a de Telefónica
III	0034	Especialista de oficios (debuxante)
III	0036	Experto/a audiovisuais
III	0037	Técnico/a de son
III	0039	Rexedor/a de escena
III	0040	Axudante/a de produción
III	0045	Técnico/a de luces
III	0049	Axente auxiliar inspección transportes
III	0052	Tradutor/a. Intérprete da Administración de xustiza
III	0053	Técnico/a en restauración cinematográfica
III	0060	Auxiliar técnico/a de obra. Auxiliar técnico/a obra TIE
III	0064	Oficial/a 1ª tractorista. Tractorista. Operador/a maquinaria pesada
III	0067	Capataz de obras. Capataz cuadrilla. Xefe/a equipo. Oficial 1ª obra COTOP. Capataz
III	0088	Capataz de explotacións marisqueiras
III	0090	Animador/a sociocultural
III	0091	Técnico/a especialista en informática (antigo/a operador/a de ordenadores)
III	0097	Auxiliar de son
III	0101	Proxeccionista
III	0102	Encadernador/a
III	0104	Intérprete de linguaxe de signos
IV	0001	Auxiliar gravación. Oficial/a 2ª linotipista. Auxiliar administrativo/a. Oficial 2ª administrativo/a. Técnico/a auxiliar en informática. Operador/a máquina elemental. Auxiliar
IV	0002	Auxiliar mecánico/a. Oficial/a 2ª mecánico/a. Mecánico/a reparación obras
IV	0006	Axudante/a servizos técnicos. Oficial/a 2ª mantemento
IV	0007	Garda xuramentado/a fluvial. Garda explotación
IV	0020	Conserxe (cando teñan ao seu cargo persoal subalterno ou ordenanza)
IV	0021	Oficial/a 2ª carpinteiro/a. Auxiliar carpintaría
IV	0022	Oficial/a 2ª en reprografía
IV	0023	Mestre/a gaitero/a
IV	0024	Xastre/a
IV	0025	Cargador/a. Tremeiro/a
IV	0028	Auxiliar produción-dirección
IV	0030	Auxiliar formación ocupacional
IV	0031	Legoeiro/a
IV	0034	Axudante/a restauración e proxección cinematográfica
V	0009	Celador/a de segunda. Vixilante de recursos naturais

### Grupos e categorías do persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e de persoal do Pladiga

Grupo	Categoría	Denominación
I	038	Técnico superior de defensa contra incendios forestais
II	039	Técnico forestal de defensa contra incendios forestais
III	100	Xefe de cuadrilla de defensa contra incendios forestais
IV	032	Operador/a codificador/a de defensa contra incendios forestais
IV	033	Conductor motobomba de defensa contra incendios forestais
IV	037	Oficial 2ª mecánico de defensa contra incendios forestais
V	10A	Vixiante móbil de defensa contra incendios forestais
V	10B	Vixiante fixo de defensa contra incendios forestais
V	10C	Emisorista de defensa contra incendios forestais
V	014	Peón de defensa contra incendios forestais
V	14A	Peón conductor de defensa contra incendios forestais

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Anuncio do 15 de febreiro de 2010, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca, para vinculación temporal mediante nomeamento eventual de substitución, por concurso de méritos, unha praza de facultativo especialista da Área de Anxioloxía e Cirurxía Vascular.*

A Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 95/2004, do 13 de maio (*Diario Oficial de Galicia* nº 94, do 18 de maio), polo que se crea o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, e polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 15 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a vinculación temporal mediante nomeamento eventual de substitución, por concurso de méritos, dunha praza de facultativo especialista da Área de Anxioloxía e Cirurxía Vascular.

A citada convocatoria estará exposta nos taboeiros de anuncios do servizo de persoal do complexo hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro do complexo hospitalario no prazo de quince días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 15 de febreiro de 2010.

Francisco A. Soriano Paredes  
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

*Anuncio do 15 de febreiro de 2010, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca, para vinculación temporal mediante nomeamento eventual de substitución, por concurso de méritos, unha praza de facultativo especialista da Área de Cirurxía Pediátrica.*

A Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 95/2004, do 13 de maio (*Diario Oficial de Galicia* nº 94, do 18 de maio), polo que se crea o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, e polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 15 de xuño de 2009 (*Diario Oficial*